

tificarase aplicando a porcentaxe do 10 por cento sobre o rendemento neto, excluído este concepto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o disposto no número anterior:

a) O número un do artigo 8 deste real decreto resultará de aplicación ao período impositivo 2008 e exercicios anteriores non prescritos.

b) Os números dous a sete do artigo 8 deste real decreto resultarán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2009.

c) Os números oito e nove do artigo 8 e a disposición adicional única deste real decreto resultarán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Madrid o 28 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

XEFATURA DO ESTADO

19660 *LEI ORGÁNICA 2/2008, do 4 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, complementaria da Lei para a execución na Unión Europea de resolucións que impoñan sancións pecuniarias.* («BOE» 293, do 5-12-2008.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

A Lei 1/2008, para a execución na Unión Europea de resolucións que impoñan sancións pecuniarias, establece no artigo 4 a competencia dos xuíces do Penal para a adopción das medidas previstas na dita lei cando España sexa Estado de execución das resolucións obxecto de tal regulación. Por este motivo, é necesario modificar a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que enumera as competencias dos órganos xurisdicionais.

Así, débese, en primeiro lugar, engadir no número 2 do artigo 89 bis da dita lei a atribución aos xulgados do Penal da competencia para o cumprimento das resolucións que impoñan sancións pecuniarias pola comisión de infraccións.

Esta nova competencia obriga tamén a modificar o número segundo do artigo 65 da Lei orgánica do poder xudicial que ata agora atribuíra á Sala do Penal da Audiencia Nacional a execución de sentenzas ditadas por tribunais estranxeiros. Coa aprobación da Lei 1/2008, para a execución na Unión Europea de resolucións que impoñan sancións pecuniarias, débese observar, no dito artigo, a posibilidade de que se poida encomendar a execución de determinadas resolucións procedentes das autoridades

competentes doutros Estados membros a outros órganos xudiciais.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o número 2.º do artigo 65, que queda redactado do seguinte modo:

«2.º Dos procedementos penais iniciados no estranxeiro, da execución das sentenzas ditadas por tribunais estranxeiros ou do cumprimento de pena de prisión imposta por tribunais estranxeiros, cando en virtude dun tratado internacional corresponda a España a continuación dun procedemento penal iniciado no estranxeiro, a execución dunha sentenza penal estranxeira ou o cumprimento dunha pena ou medida de seguridade privativa de liberdade, agás naqueles casos en que esta lei atribúa algunha destas competencias a outro órgano xurisdiccional penal.»

Dous. Engádese un novo parágrafo ao final do número 2 do artigo 89 bis, coa seguinte redacción:

«Corresponde, así mesmo, aos xulgados do Penal a execución das sentenzas ditadas en causas por delito polos xulgados de Instrución, e o recoñecemento e execución das resolucións que impoñan sancións pecuniarias transmitidas polas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea, cando estas se deban cumprir en territorio español.»

Tres. Engádese un novo parágrafo ao final do número 3 do artigo 89 bis, coa seguinte redacción:

«Corresponde, así mesmo, aos xulgados centrais do Penal a execución das sentenzas ditadas en causas por delito polos xulgados centrais de Instrución.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 4 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

19661 *LEI 1/2008, para a execución na Unión Europea de resolucións que impoñan sancións pecuniarias.* («BOE» 293, do 5-12-2008.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREAMBULO

I

O obxectivo, establecido no Tratado de Ámsterdam, de crear un espazo de liberdade, seguranza e xustiza na Unión Europea, exixiu un importante esforzo de cara á incrementar a cooperación xudicial entre os Estados membros.

Neste sentido, o principio de recoñecemento mutuo de resolucións xudiciais reconécese como a base do espazo xudicial europeo, desde que foi consagrado no Consello Europeo de Tampere como a «pedra angular» da cooperación xudicial en materia civil e penal na Unión Europea. Este principio baséase na confianza mutua de que as resolucións que se van recoñecer e executar cumpren plenamente as exixencias básicas de legalidade e proporcionalidade en todos os países comunitarios.

A primeira vez que se incorporou a un instrumento xurídico da Unión o principio de recoñecemento mutuo, foi con ocasión da Decisión Marco 2002/584/JAI do Consello, do 13 de xuño de 2002, relativa á orde de detención europea e aos procedementos de entrega entre Estados membros, incorporada ao dereito español a través da Lei 3/2003, do 14 de marzo, sobre a orde europea de detención e entrega, e da Lei orgánica 2/2003, do 14 de marzo, complementaria da anterior.

Posteriormente, tivo lugar a aprobación da Decisión Marco 2003/577/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á execución na Unión Europea das resolucións de embargo preventivo de bens e de aseguramento de probas, recentemente incorporada ao noso dereito mediante a Lei 18/2006, do 5 de xuño, para a eficacia na Unión Europea das resolucións de embargo e de aseguramento de probas en procedementos penais, complementada pola Lei orgánica 5/2006, do 5 de xuño.

O terceiro paso neste proceso dirixido ao incremento da cooperación xudicial a través do principio de recoñecemento mutuo veu dado de novo coa aprobación dun instrumento xurídico, neste caso a Decisión Marco 2005/214/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa á aplicación do principio de recoñecemento mutuo de sancións pecuniarias. Esta iniciativa correspóndese coa conclusión número 37 do Consello de Tampere e a medida número 18 do Programa de medidas destinado a pór en práctica o principio de recoñecemento mutuo, que se refire á «elaboración dun instrumento que permita garantir a recadación polo Estado de residencia das multas impostas con carácter definitivo por outro Estado membro a persoas físicas ou xurídicas».

A través desta lei preténdese, por tanto, incorporar ao dereito español a citada regulación, co fin de garantir en España a máxima cooperación xudicial co resto de Estados membros da Unión Europea.

II

O obxecto desta norma consiste, en primeiro lugar, en regular o procedemento a través do cal as autoridades xudiciais españolas van transmitir aquelas resolucións firmes polas que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria a unha persoa física ou xurídica como consecuencia da comisión dunha infracción penal, a outros Estados membros da Unión Europea. E, en segundo lugar, en establecer o modo en que as autoridades xudiciais españolas van recoñecer e executar tales resolucións cando lles sexan transmitidas por outro Estado membro.

Iso terá lugar naqueles supostos en que a persoa sancionada posúa propiedades, obteña ingresos ou teña a súa residencia habitual ou a súa sede noutro Estado membro da Unión Europea, distinto daquel en que foi ditada a resolución.

Neste sentido, é necesario aclarar que o termo sanción pecuniaria se refire non soamente a aquela cantidade de diñeiro exixida en concepto de multa imposta como consecuencia da comisión dunha infracción, senón tamén á imposta na mesma resolución en concepto de custas xudiciais, como compensación en beneficio das vítimas ou destinada a un fondo público ou organización de apoio ás vítimas. Ademais, as sancións impostas poden derivar da comisión dunha infracción de carácter penal ou administrativo.

Tamén resulta necesario aclarar que a referencia na Decisión Marco 2005/214/JAI ás sancións administrativas tan só se refire a aquelas que sexan impugnables na orde penal. Trátase dunha situación inexistente no noso ordenamento xurídico en que, malia coexistir unha tipificación penal con outra administrativa, as autoridades administrativas competentes non se encontran na situación prevista na norma europea, xa que as súas resolucións son impugnables en vía contencioso-administrativa e non en vía penal. Por iso a lei non inclúe estes supostos como resolucións ditadas en España cuxa execución se poida solicitar noutro Estado da Unión Europea.

III

A base fundamental sobre a que se asenta ese procedemento consiste na aplicación do principio de recoñecemento mutuo, que permite a execución case automática da resolución transmitida, ao non requirir dun proceso de verificación da súa conformidade co ordenamento xurídico do Estado que a vai executar.

Así mesmo, o procedemento parte da renuncia á exixencia do control de dobre incriminación para aquelas infraccións establecidas na norma. Así pois, as resolucións que castiguen a comisión daquelas infraccións terán que ser levadas a efecto polo Estado de execución aínda que no dito Estado non estivesen castigadas. Respecto do resto das infraccións non especificadas na Decisión Marco 2005/214/JAI, permítese ao Estado de execución supeditar o cumprimento da resolución recibida á condición de que o feito estea tamén castigado na súa legislación.

Como excepción ao automatismo da execución, a lei regula unha serie de motivos que xustifican a denegación do recoñecemento e a execución da resolución.

Polo que respecta ao procedemento de transmisión das resolucións, este aseméllase ao previsto para a execución das resolucións de embargo e aseguramento de probas en procedementos penais, ao non requirir dun título «ad hoc» como ocorre na orde europea de detención e entrega, senón limitarse a especificar que xunto coa resolución sancionadora se deberá presentar un certificado conforme o modelo que se establece no anexo da lei, traducido á lingua que en cada caso resulte oportuno.

Unha vez transmitida a resolución e salvo que conorra algún dos motivos de denegación ou suspensión da execución, a resolución será executada de acordo co ordenamento xurídico do Estado encargado de a aplicar.

IV

A lei estrutúrase en tres capítulos, aos cales se engaden dúas disposicións adicionais, unha transitoria e tres derradeiras, máis un anexo.

O primeiro capítulo contén as disposicións xerais referidas ao obxecto da lei, á definición dos conceptos fundamentais e ás autoridades que en España serán competentes tanto para emitir as resolucións obxecto da lei como para as executar, ao destino das cantidades cobradas en execución das sancións pecuniarias e á inexistencia de reembolso de gastos entre Estados.

O segundo capítulo regula a transmisión polas autoridades españolas das resolucións polas que se exixa o

pagamento de sancións pecuniarias a outros Estados membros da Unión Europea, para que estes procedan á súa execución. En especial, aténdese á forma de transmisión e ao modo en que aquela se debe documentar, así como ás consecuencias que se desprenden da transmisión dunha resolución. Finalmente, aténdese ao dereito que será aplicable á resolución adoptada, así como ao réxime de suspensión, impugnación da sentenza, amnistía e indulto.

Por último, o capítulo terceiro refírese á execución en España daquelas resolucións que lle sexan transmitidas por outros Estados membros da Unión Europea.

Esta regulación parte do recoñecemento do principio de non suxeición ao control da dobre tipificación e, por tanto, do recoñecemento e execución automático da resolución, para admitir a continuación a existencia dunha serie de supostos en que si se exige a dobre tipificación ou en que a autoridade competente pode denegar o recoñecemento e execución da sanción. Regula tamén as normas aplicables á execución da resolución, os supostos en que se debe revisar a contía da sanción, as sancións alternativas no caso de falta de pagamento e os supostos de suspensión ou concesión da amnistía ou o indulto.

A parte final da lei contén dúas disposicións adicionais, a primeira regula o réxime especial aplicable á transmisión de medidas co Reino Unido e Irlanda, e a segunda contén unha previsión relativa á remisión de información estatística. Inclúense tamén unha disposición transitoria que determina o réxime xurídico das resolucións que se encontren en curso no momento da entrada en vigor da lei, e tres disposicións derradeiras. A primeira delas fundamenta a competencia estatal para ditar esta lei no artigo 149.1.6ª da Constitución, a segunda sinala que a nova lei incorpora ao dereito español a Decisión Marco 2005/214/JAI e a última establece o momento da súa entrada en vigor. Inclúese finalmente, no anexo, o certificado que deben remitir os tribunais españois para o recoñecemento das sancións pecuniarias impostas por eles noutros Estados membros da Unión Europea.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto regular o procedemento que deben seguir as autoridades xudiciais españolas para transmitir, ás autoridades correspondentes dos demais Estados membros da Unión Europea, unha resolución firme pola que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria a unha persoa física ou xurídica como consecuencia da comisión dunha infracción penal.

2. Regúlase, así mesmo, a actuación que deben desenvolver as autoridades xudiciais españolas cando reciban unha resolución firme emitida pola autoridade xudicial competente doutro Estado membro da Unión Europea pola que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria a unha persoa física ou xurídica como consecuencia da comisión dunha infracción penal, para o seu recoñecemento e execución.

Estas normas comprenderán tamén a execución en España das sancións pecuniarias impostas por autoridades doutro Estado membro da Unión Europea distintas de órganos xudiciais por contravención da respectiva lexislación. Neste caso, exixirase que esa resolución fose impugnabile ante órganos xurisdiccionais con competencia en materia penal no dito Estado.

3. As disposicións desta lei entenderanse sen prexuízo da aplicación daqueles convenios con outros Estados membros da Unión Europea celebrados por España que contribúan a unha maior simplificación e axi-

lidade nos procedementos de execución das sancións pecuniarias.

Artigo 2. *Estado de emisión e Estado de execución.*

Para os efectos regulados nesta lei, entenderase por:

- a) Estado de emisión: o Estado membro en que se ditou a resolución pola que se exige o pagamento dunha sanción pecuniaria.
- b) Estado de execución: o Estado membro a que se transmite a resolución pola que se exige o pagamento dunha sanción pecuniaria, para o seu recoñecemento e execución.

Artigo 3. *Sanción pecuniaria.*

1. Entenderase por sanción pecuniaria a cantidade de diñeiro exixida por unha resolución en concepto de multa imposta como consecuencia da comisión dunha infracción penal ou dunha infracción administrativa, sempre que, en relación con estas últimas, as sancións administrativas fosen impugnables ante un órgano xurisdiccional penal.

2. Para os efectos desta lei, tamén se incluírán nas sancións pecuniarias as cantidades que figuren nas correspondentes resolucións e se refiran aos seguintes conceptos:

- a) Aquela cantidade de diñeiro imposta en concepto de custas xudiciais ou gastos administrativos orixinados no procedemento.
- b) Unha compensación en beneficio das vítimas, sempre que a vítima no poida ser parte civil no procedemento e o órgano xurisdiccional actúe no exercicio da súa competencia penal.
- c) Unha cantidade destinada a un fondo público ou a unha organización de apoio ás vítimas.

3. A sanción pecuniaria para os efectos desta lei non poderá comprender ordes de confiscación de instrumentos ou produtos do delito, nin resolucións de restitución, nin reparación do dano nin a indemnización de prexuízos materiais e morais, determinadas nun procedemento penal, sen prexuízo do previsto na letra b) do punto anterior.

Artigo 4. *Autoridades xudiciais españolas competentes.*

1. Será competente para transmitir unha resolución pola que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria imposta a unha persoa física ou xurídica que posúa propiedades ou obteña ingresos noutro Estado membro da Unión Europea o órgano xurisdiccional penal competente para a súa execución en España.

2. Son autoridades competentes para executar en España unha resolución pola que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria os xuíces do Penal do lugar onde se encontren as propiedades ou fonte de ingresos ou a residencia habitual da persoa física ou a sede social da persoa xurídica sobre a que recaía a sanción pecuniaria.

Artigo 5. *Destino das cantidades cobradas.*

As cantidades percibidas en concepto de execución dunha resolución en España ingresaranse na conta de depósitos e consignacións xudiciais, salvo que se acordase outra cousa co Estado de emisión respecto das cantidades que constitúan unha compensación en beneficio das vítimas a que se refire a letra b) do artigo 3.2.

Fóra do caso da citada compensación en beneficio das vítimas, España non admitirá ningún outro acordo que puidese variar a regra expresada no parágrafo anterior.

Artigo 6. *Gastos.*

As actuacións previstas nesta lei non comportarán ningunha reclamación de reembolso de gastos ao Estado a que se dirixa ou do que proveña o recoñecemento da sanción pecuniaria, nin tampouco se pagará cantidade ningunha a outro Estado por estas actuacións.

CAPÍTULO II

Transmisión polas autoridades españolas dunha resolución pola que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria para a súa execución noutro Estado membro da Unión Europea

Artigo 7. *Transmisión dunha resolución pola que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria.*

1. A autoridade xudicial penal española competente para executar unha resolución pola que se condene ao pagamento dunha sanción pecuniaria unha persoa física ou xurídica que posúa propiedades, obteña ingresos ou teña a súa residencia habitual ou a súa sede social noutro Estado membro da Unión Europea poderá transmitir a resolución, sempre que esta sexa firme, á autoridade competente do dito Estado para que proceda á súa execución.

2. No caso de que a autoridade xudicial penal española non coñeza cal é a autoridade competente para executar a resolución, poderá efectuar todas as investigacións que considere oportunas e valerse de todos os medios que resulten necesarios, incluídos os puntos de contacto da Rede Xudicial Europea.

3. A autoridade xudicial penal española transmitirá a resolución a un único Estado de execución cada vez.

Artigo 8. *Documentación e modo de transmisión.*

1. A resolución que se pretende executar deberá ir acompañada dun certificado, cuxo modelo figura no anexo, o cal irá asinado pola autoridade xudicial penal española que, conforme a lexislación interna, for competente para a súa execución.

2. A autoridade xudicial penal española transmitirá a resolución orixinal ou unha copia testemuñada dela, xunto co certificado, directamente á autoridade encargada da execución, por calquera medio que deixe constancia escrita en condicións que permitan á autoridade a que se dirixe establecer a súa autenticidade.

A autoridade xudicial penal española manterá comunicación de forma directa coa autoridade a que se dirixe a resolución.

3. O certificado deberase traducir á lingua oficial ou a unha das linguas oficiais do Estado a que se dirixe ou, se é o caso, a unha lingua oficial das institucións comunitarias que aceptase o dito Estado.

Artigo 9. *Consecuencias da transmisión dunha resolución.*

1. Unha vez transmitida a resolución, a autoridade xudicial penal española non poderá proceder á súa execución, salvo nos casos en que se produza a súa devolución.

Tal suspensión alcanzará só os pronunciamentos relativos á imposición dunha pena de multa e ás custas.

2. Se, despois de transmitir unha resolución, a autoridade penal española recibise unha cantidade de diñeiro,

sexa porque fose pagada voluntariamente pola persoa condenada ou porque fose resultado de actuacións xudiciais anteriores, aplicará o pagamento recibido na forma legalmente prevista e informará inmediatamente diso á autoridade competente do Estado de execución, con indicación da redución que experimentase a contía e os conceptos incluídos na sanción pecuniaria sometida a execución.

Artigo 10. *Adopción dunha medida de suspensión da execución.*

A autoridade xudicial penal española informará inmediatamente á autoridade encargada da execución da adopción de calquera medida que teña por obxecto suspender ou deixar sen efecto o carácter executorio da resolución, solicitando a devolución da resolución.

Artigo 11. *Impugnación da sentenza, amnistía e indulto.*

1. A autoridade xudicial penal española coñecerá de calquera impugnación que se interpoña contra a resolución.

2. En caso de estimación dun recurso ou de concesión de amnistía ou indulto que afecte algunha das cantidades comprendidas na sanción pecuniaria imposta, a autoridade xudicial penal española comunicará inmediatamente ao Estado de execución.

A concesión de amnistía ou indulto non poderá alcanzar, en ningún caso, o concepto de custas ou gastos administrativos xerados no proceso nin tampouco á compensación outorgada en beneficio da vítima.

CAPÍTULO III

Execución en España dunha resolución pola que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria emitida pola autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea.

Artigo 12. *Principio de dobre tipificación.*

1. As resolucións firmes que castiguen feitos axuizados como algún dos delitos ou infraccións enumerados a continuación non estarán suxeitas a control de dobre tipificación, e bastará con que estean castigados no Estado de emisión.

Estas infraccións son:

- Pertenza a unha organización delitiva.
- Terrorismo.
- Trata de seres humanos.
- Explotación sexual de menores e pornografía infantil.
- Tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas.
- Tráfico ilícito de armas, municións e explosivos.
- Corrupción.
- Fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das comunidades europeas.
- Branqueo do produto do delito.
- Falsificación de moeda, incluída a do euro.
- Delitos informáticos.
- Delitos contra o ambiente, incluído o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas.
- Axuda á entrada e á estancia irregulares.
- Homicidio voluntario e agresión con lesións graves.
- Tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos.
- Secuestro, retención ilegal e toma de reféns.
- Racismo e xenofobia.
- Roubos organizados ou a man armada.
- Tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte.
- Estafa.
- Chantaxe e extorsión de fondos.

Violación de dereitos de propiedade intelectual ou industrial e falsificación de mercadorías.

Falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos.

Falsificación de medios de pagamento.

Tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento.

Tráfico ilícito de materias nucleares e radioactivas.

Tráfico de vehículos roubados.

Violación.

Incendio provocado.

Delitos incluídos na competencia da Corte Penal Internacional.

Apoderamento ilícito de aeronaves e buques.

Sabotaxe.

Conduta contraria á lexislación de tráfico, incluídas as infraccións á lexislación de condución e de descanso e ás normas reguladoras de transporte de mercadorías perigosas.

Contrabando de mercadorías.

Infraccións aos dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Ameazas e actos de violencia contra as persoas, incluída a violencia durante os acontecementos deportivos.

Vandalismo.

Roubo.

Infraccións establecidas polo Estado de emisión en virtude de normas comunitarias.

2. Cando o xuíz do Penal competente reciba a resolución dunha autoridade xudicial doutro Estado membro da Unión Europea para que execute unha sanción pecuniaria imposta por unha infracción non prevista no punto anterior, supeditarán o recoñecemento e a execución da resolución á condición de que o feito polo que esta se ditase sexa tamén constitutivo de infracción segundo o dereito español.

Artigo 13. *Recoñecemento e execución das resolucións.*

1. O xuíz do Penal competente estará obrigado a recoñecer e a executar, sen máis trámite, unha resolución pola que se condene ao pagamento dunha sanción pecuniaria unha persoa física ou xurídica que posúa propiedades, obteña ingresos ou teña a súa residencia habitual ou sede social en España, que fose debidamente transmitida pola autoridade competente do Estado de emisión, salvo naqueles casos en que conorra algún dos motivos para o non recoñecemento ou a non execución que se prevén no artigo seguinte.

Cando o certificado que acompañe a resolución de execución dunha sanción pecuniaria non estea traducido ao español remitirase inmediatamente á autoridade xudicial que o asinou para que leve a cabo a tradución correspondente.

Os xuíces do Penal competentes admitirán as resolucións de execución das sancións pecuniarias que regula esta lei que se efectúen mediante correo certificado, fax ou medios informáticos ou telemáticos cando se trate de documentos asinados electronicamente, que permitan verificar a súa autenticidade.

2. O xuíz do Penal competente informará a autoridade competente do Estado de emisión, por calquera medio que deixe constancia escrita, da execución da resolución tan axiña como esta finalizar.

3. Cando un xuíz do Penal reciba unha resolución para o seu recoñecemento e execución e non sexa competente para iso, transmitirá de oficio a quen o sexa, se así se desprende da documentación recibida, e informará diso inmediatamente e por calquera medio que deixe constancia escrita á autoridade do Estado de emisión.

Artigo 14. *Denegación do recoñecemento e a execución da resolución.*

1. O xuíz do Penal competente denegará o recoñecemento e a execución das resolucións que exixan o pagamento dunha sanción pecuniaria nos seguintes casos:

a) Cando se ditase en España unha resolución contra a mesma persoa e respecto dos mesmos feitos.

b) Cando se ditase unha resolución contra a mesma persoa e respecto dos mesmos feitos nun Estado distinto ao de emisión e execución e a resolución fose executada.

c) Cando a resolución castigue unha infracción distinta das reguladas no artigo 12 e esta non se encuentre tipificada no dereito español.

d) Cando a resolución se refira a feitos para os que sexan competentes as autoridades españolas e, de ter ditado a condena un órgano xurisdiccional español, a sanción imposta prescribise de conformidade co dereito español.

e) Cando a resolución se refira a feitos que o dereito español considere cometidos na súa totalidade ou en parte en territorio español ou cando se cometesen fóra do Estado emisor e o dereito español non permita a persecución das ditas infraccións cando se cometesen fóra do seu territorio.

f) Cando exista unha inmunidade que impida a execución da resolución.

g) Cando a resolución castigue unha persoa física que, debido á súa idade, non poida ser considerada responsable penal de acordo co previsto na lexislación española.

h) Cando falte o certificado que debe xuntarse á solicitude de execución da resolución, sexa incompleto ou non se corresponda manifestamente coa resolución.

i) Cando, conforme o certificado, o interesado:

1.º En caso de procedemento escrito, non fose informado en virtude da lexislación do Estado de emisión, persoalmente ou por medio dun representante competente conforme a súa lexislación nacional, do seu dereito a impugnar a resolución e dos prazos para iso.

2.º Non comparecese en persoa, salvo que o certificado indicase que, de conformidade coa lexislación do Estado de emisión, lle foi notificado o procedemento ao interesado persoalmente ou por medio dun representante competente conforme a súa lexislación nacional, ou ben que o interesado indicase que non impugna a resolución.

j) Cando a sanción pecuniaria sexa inferior a 70 euros ou, tratándose doutra divisa, a un importe equivalente.

k) Cando, do certificado e resolución comunicada para a súa execución, se evidencie que se produciu unha vulneración dos dereitos fundamentais e os principios xurídicos fundamentais consagrados no artigo 6 do Tratado da Unión Europea e reflectidos na Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea.

2. Nos casos a que fan referencia as letras d), h), i) e k) do número anterior, antes de denegar, xa sexa parcial ou totalmente, o recoñecemento e a execución da resolución, o xuíz do Penal deberá consultar a autoridade do Estado de emisión por calquera medio que considere adecuado para que aclare e, se é o caso, emende a vulneración cometida.

3. O xuíz do Penal competente deberá informar inmediatamente e mediante calquera medio que deixe constancia escrita ao Estado de emisión, de calquera resolución que supoña a denegación do recoñecemento ou execución dunha resolución previamente transmitida, así como dos motivos que levaron a aquela.

Artigo 15. Normas aplicables á execución da resolución.

1. A execución da resolución rexerá polo dereito español, e levarase a cabo do mesmo modo que se se tratase dunha sanción pecuniaria imposta por unha autoridade española, coas excepcións establecidas en materia de recursos no artigo 19 desta mesma lei.

Non obstante, a execución levarase a efecto sen que sexa preciso que o executado conte con asistencia letrada. Todo iso, sen prexuízo de participar ao obrigado as resolucións xudiciais que o afecten cando teña o seu domicilio ou residencia en España e recoñecéndolle, en todo caso, o dereito a intervir no proceso con avogado e procurador, de o considerar conveniente.

2. Tamén se executará a sanción pecuniaria que se impuxo no Estado de emisión a unha persoa xurídica por unha infracción para a que non se preveña a súa responsabilidade de acordo co dereito español.

Artigo 16. Revisión da contía da sanción.

1. No suposto de que a persoa sancionada presente unha proba de pagamento total ou parcial en calquera Estado, o xuíz do Penal deberá consultar coa autoridade competente do Estado de emisión e deducir a parte da sanción que fose efectivamente cobrada noutro Estado da cantidade sometida a execución en España.

2. Cando se demostre que a resolución se refire a feitos que non foron cometidos dentro do territorio do Estado de emisión e sobre os que as autoridades xudiciais penais españolas teñan competencia, o xuíz do Penal poderá decidir a redución do importe da multa executada á contía máxima prevista para feitos do mesmo tipo conforme o previsto no ordenamento xurídico español.

3. Nestes casos, o xuíz do Penal competente informará do carácter parcial da execución da resolución á autoridade competente do Estado de emisión por calquera medio que deixe constancia escrita.

4. Naqueles casos en que a sanción se impuxer nun Estado con distinta divisa, o xuíz do Penal converterá a euros a contía da sanción, aplicando o tipo de cambio vixente no momento en que se impuxo esta.

Artigo 17. Sancións alternativas en caso de falta de pagamento da sanción pecuniaria.

1. Cando sexa imposible executar total ou parcialmente unha resolución, o xuíz do Penal competente poderá aplicar sancións alternativas, incluída a privación de liberdade, conforme o previsto no ordenamento xurídico español, nos casos en que o Estado de emisión aceptase aplicar as ditas sancións alternativas no certificado presentado e, en todo caso, sen exceder o nivel máximo da sanción previsto nel.

En ningún caso se aplicará como sanción alternativa a privación de liberdade cando a sanción pecuniaria cuxa execución se solicite se impuxer pola comisión dunha infracción administrativa, mesmo cando for impugnada ante un órgano xurisdiccional penal do Estado de emisión.

2. O xuíz do Penal competente informará inmediatamente e mediante calquera medio que deixe constancia escrita da aplicación dunha sanción alternativa conforme o disposto no punto anterior.

Artigo 18. Suspensión da execución.

O xuíz do Penal estará obrigado a suspender a execución da resolución tan axiña como a autoridade competente do Estado de emisión o informe da adopción de calquera resolución ou medida que teña por efecto suspender ou deixar sen efecto a resolución por calquera

outro motivo, incluída a concesión da amnistía ou o indulto.

En calquera destes casos, o xuíz do Penal devolverá a resolución á autoridade competente do Estado de emisión.

Artigo 19. Recursos.

1. Contra as resolucións ditadas polo xuíz do Penal que resolvan acerca do recoñecemento e execución das resolucións emitidas por unha autoridade doutro Estado membro da Unión Europea, o Ministerio Fiscal, ou suxeito pasivo do proceso de que trae causa a resolución ou os titulares de dereitos e intereses lexítimos que se poidan ver afectados poderán interpoñer o recurso de reforma e o de apelación, que non suspenderán a execución.

O recurso de apelación poderá interpoñerse subsidiariamente co de reforma ou por separado. En ningún caso será necesario interpoñer previamente o de reforma para presentar a apelación. Todos estes recursos tramitaranse de acordo co disposto na Lei de axuízamento criminal para a impugnabilidade dos autos dos xuíces do Penal no procedemento abreviado.

2. Tan axiña como se interpoñan os recursos de reforma ou de apelación, o xuíz do Penal comunicará esta circunstancia ao órgano xudicial do Estado emisor, por calquera medio que deixe constancia escrita, en condicións que permitan á autoridade xudicial a que se dirixe establecer a súa autenticidade, para que expoña, se é o caso, as consideracións que xulgue oportunas no prazo de cinco días desde a recepción do certificado.

3. O xuíz do Penal informará a autoridade xudicial de emisión do resultado do recurso de reforma ou apelación.

4. Os motivos de fondo polos que se adoptase a resolución só poderán ser impugnados mediante un recurso interposto no Estado membro da autoridade xudicial de emisión.

Disposición adicional primeira. Transmisión de medidas co Reino Unido e a República de Irlanda.

A transmisión das resolucións polas que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria co Reino Unido e a República de Irlanda efectuarase conforme o disposto nesta lei, a menos que estes Estados manifesten, mediante declaración depositada ante a Secretaría Xeral do Consello e notificada á Comisión, que optan pola transmisión das súas resolucións e do certificado correspondente por conduto da súa autoridade ou autoridades centrais especificadas na declaración.

Disposición adicional segunda. Remisión de información estatística.

De conformidade coas directrices que, se é o caso, fixe a Comisión Nacional de Estatística Xudicial, os xulgados ou tribunais que transmitan ou reciban resolucións de recoñecemento de sancións pecuniarias comunicaran ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

O Consello Xeral do Poder Xudicial remitirá trimestralmente a información a que se refire o parágrafo anterior ao Ministerio de Xustiza.

Disposición transitoria única. Resolucións en curso.

1. Esta lei será aplicable ás resolucións que se transmitan ou reciban con posterioridade á súa entrada en vigor, con independencia de que fosen ditadas con anterioridade.

2. As resolucións polas que se exixa o pagamento dunha sanción pecuniaria que se encontren en execución

no momento da entrada en vigor desta lei seguirán tramitándose conforme as normas ata entón vixentes.

Disposición derradeira primeira. *Competencia estatal.*

Esta lei dítase en exercicio da competencia atribuída ao Estado en materia de lexislación procesual polo artigo 149.1.6.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Nesta lei incorpórase ao dereito español a Decisión Marco 2005/214/JAI do Consello, do 24 de febreiro de 2005, relativa á aplicación do principio de recoñecemento mutuo de sancións pecuniarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATEROJUAN CARLOS R.

ANEXO

Certificado para a execución de sancións pecuniarias noutro Estado membro da Unión Europea

<p>a)</p> <p>* Estado de emisión:</p> <p>* Estado de execución:</p>
<p>b) Autoridade emisora da resolución de imposición de sanción pecuniaria:</p> <p>Denominación oficial:</p> <p>Enderezo:</p> <p>.....</p> <p>Referencia do expediente [...]:.....</p> <p>Nº de teléfono (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona):</p> <p>Nº de fax (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona):</p> <p>Correo electrónico (se o ten):</p> <p>Linguas en que se pode comunicar coa autoridade emisora:</p> <p>.....</p> <p>Datos da persoa ou persoas a que hai que dirixirse para obter información complementaria para a execución da resolución ou, se é o caso, para transferir ao Estado de emisión as cantidades percibidas con motivo da execución (nome, cargo/grao, nº de teléfono, nº de fax e, se ten, enderezo de correo electrónico):</p> <p>.....</p> <p>.....</p>
<p>c) Autoridade competente para a execución da resolución de imposición de sanción pecuniaria no Estado de emisión [se a autoridade é distinta da autoridade indicada na letra b)]:</p> <p>Denominación oficial:</p> <p>.....</p> <p>Enderezo:</p> <p>.....</p> <p>Nº de teléfono (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona):</p> <p>Nº de fax (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona):</p>

Correo electrónico (se o ten):

Linguas en que se pode comunicar coa autoridade competente para a execución:

Datos da persoa ou persoas a que hai que se dirixir para obter información complementaria para a execución da resolución ou, se é o caso, para transferir ao Estado de emisión as cantidades percibidas con motivo da execución (nome, cargo/grao, nº de teléfono, nº de fax e, se ten, enderezo de correo electrónico):

d) En caso de se designar unha autoridade central para a transmisión administrativa das resolucións de imposición de sancións pecuniarias no Estado de emisión:

Nome da autoridade central:

Persoa de contacto, se é o caso (cargo/grao e nome):

Enderezo:

Referencia do expediente:

Nº de teléfono (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona):

Nº de fax (prefixo de país) (prefixo de cidade ou zona):

Correo electrónico (se o ten):

e) Autoridade ou autoridades con que se pode contactar [en caso de que se cubrisen as letras c) e/ou d)]:

Autoridade mencionada na letra b):

Para cuestións relativas a:

Autoridade mencionada na letra c):

Para cuestións relativas a:

Autoridade mencionada na letra d):

Para cuestións relativas a:

f) Información relativa á persoa física ou xurídica a que se impuxo a sanción pecuniaria:

1. No caso dunha persoa física:

Apellido(s):

Nome(s):

Apellido(s) de solteira (se é o caso):

Alias (se é o caso):

Sexo:

Nacionalidade:

Número de identidade ou número de Seguranza Social (se o ten):

Data de nacemento:

Lugar de nacemento:

Último domicilio coñecido:

Idioma(s) que entende (se se coñecen):

a) Se o motivo de transmitir a resolución ao Estado de execución é que a persoa contra a que vai dirixida reside habitualmente no Estado de execución, engádase a seguinte información:

Lugar de residencia habitual no Estado de execución:

b) Se o motivo de transmitir a resolución ao Estado de execución é que a persoa contra a que vai dirixida ten bens no Estado de execución, engádase a seguinte información:

Descrición dos bens da persoa:

Localización dos bens da persoa:

g) Resolución de imposición de sanción pecuniaria:

1. Natureza da resolución de imposición de sanción pecuniaria (márquese o recadro correspondente):

i) Resolución dun órgano xurisdiccional do Estado de emisión respecto dunha infracción penal prevista na lexislación do Estado de emisión.

ii) Resolución dunha autoridade do Estado de emisión, distinta dun órgano xurisdiccional, respecto dunha infracción penal tipificada na lexislación do Estado de emisión. Confírmase que o interesado tivo a oportunidade de que o seu caso sexa xulgado por un órgano xurisdiccional competente en asuntos penais.

iii) Resolución dunha autoridade do Estado de emisión, distinta dun órgano xurisdiccional, respecto de feitos punibles consonte dereito nacional do Estado de emisión por constituír infracción a normas legais. Confírmase que o interesado tivo a oportunidade de que o seu caso sexa xulgado por un órgano xurisdiccional competente en asuntos penais.

iv) Resolución dun órgano xurisdiccional competente en asuntos penais, en relación cunha resolución prevista no inciso iii).

Data en que se ditou a resolución:

Data en que a resolución foi definitiva:

Número de referencia da resolución (se o ten):

A sanción pecuniaria supón a obriga de pagar (márquese o recadro ou recadros que proceda, indicando, en cada caso, a contía e a divisa correspondentes):

i) Unha cantidade de diñeiro en virtude dunha condena por unha infracción, imposta mediante unha resolución.

Contía:

ii) Unha compensación imposta na mesma resolución en beneficio das vítimas, cando a vítima non poida ser parte civil no procedemento e o órgano xurisdiccional actúe no exercicio da súa competencia penal.

Contía:

iii) Unha cantidade de diñeiro en concepto de custas xudiciais ou gastos administrativos orixinados polos procedementos que conducen á resolución.

Contía:

iv) Una cantidade de diñeiro a un fondo público ou a unha organización de apoio ás vítimas, que impoña a mesma resolución.

Contía:

Importe total da sanción pecuniaria, indicando a divisa:

.....

2. Resumo dos feitos e descrición das circunstancias, incluídos lugar e tempo, en que se cometeron o delito ou delitos: . . .

.....

.....

.....

.....

.....

Natureza e tipificación legal da infracción ou infraccións e disposición legal ou código aplicable en que se basea a resolución ditada: .

.....

.....

.....

.....

3. Se a infracción ou infraccións sinaladas no punto 2 se corresponden cunha ou máis das enumeradas a continuación, márchense o recadro ou recadros correspondentes:

pertenza a unha organización delituosa,

terrorismo,

trata de seres humanos,

explotación sexual de menores e pornografía infantil,

tráfico ilícito de drogas e substancias psicotrópicas,

tráfico ilícito de armas, municións e explosivos, corrupción,

fraude, incluída a que afecte os intereses financeiros das Comunidades Europeas conforme o Convenio do 26 de xullo de 1995 relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas,

branqueo do produto do delito,
falsificación de moeda, con inclusión do euro,
delitos informáticos,
delitos contra o ambiente, incluído o tráfico ilícito de especies animais protexidas e de especies e variedades vexetais protexidas,
axuda á entrada e á estadia irregulares,
homicidio e agresión con lesións graves,
tráfico ilícito de órganos e tecidos humanos,
secuestro, retención ilegal e toma de reféns,
racismo e xenofobia,
roubos organizados ou a man armada,
tráfico ilícito de bens culturais, incluídas as antigüidades e as obras de arte,
estafa,
chantaxe e extorsión de fondos,
violación de dereitos de propiedade intelectual ou industrial e falsificación de mercadorías,
falsificación de documentos administrativos e tráfico de documentos falsos,
falsificación de medios de pagamento,
tráfico ilícito de substancias hormonais e outros factores de crecemento,
tráfico ilícito de materias nucleares e radioactivas,
tráfico de vehículos roubados,
violación,
incendio provocado,
delitos incluídos na competencia da Corte Penal Internacional,
apoderamento ilícito de aeronaves e buques,
sabotaxe,
conduta contraria á lexislación de tráfico, incluídas as infraccións á lexislación sobre tempos de condución e de descanso e ás normas reguladoras do transporte de mercadorías perigosas,
contrabando de mercadorías,
infraccións a os dereitos de propiedade intelectual e industrial,
ameazas e actos de violencia contra as persoas, incluída a violencia durante os acontecementos deportivos,
vandalismo,
roubo,
infraccións establecidas polo Estado de emisión e destinadas a dar cumprimento ás obrigas derivadas de instrumentos adoptados en virtude do Tratado CE ou do título VI do Tratado UE.

Se se marca este recadro, indíquense con precisión as disposicións do instrumento adoptado sobre a base do Tratado CE ou do Tratado UE a que corresponde a infracción:

.....
.....

4. En caso de que a infracción ou infraccións sinaladas no punto 2 non figuren no punto 3, describanse con precisión: . . .

.....
.....
.....

h) Situación da resolución de imposición de sanción pecuniaria

1. Confírmese o seguinte (márquense os recadros correspondentes):

a) A resolución é firme.

b) A autoridade que expide o certificado non ten coñecemento de que no Estado de execución se ditase unha resolución contra a mesma persoa polos mesmos feitos nin de que se executase unha resolución deste tipo ditada nun Estado distinto do Estado de emisión ou o Estado de execución.

2. Sinálese, se o caso foi obxecto dun procedemento escrito:

a) Non o foi.

b) Si o foi. Confírmase que, de acordo coa lexislación do Estado de emisión, se notificaron ao interesado, persoalmente ou a través do seu representante competente conforme a lexislación nacional, o seu dereito a impugnar a resolución e os prazos para exercer ese dereito.

3. Sinálese se o interesado compareceu persoalmente na vista:

a) Si compareceu.

b) Non compareceu. Confírmase:

que o interesado foi informado persoalmente, ou a través do seu representante competente conforme a lexislación nacional, do procedemento de conformidade coa lexislación do Estado de emisión,

ou

que o interesado indicou que non impugna a resolución.

4. Pagamento parcial da sanción

Se xa se aboou unha parte da sanción no Estado de emisión, ou se lle consta á autoridade que emita o certificado que a pagou en calquera outro Estado, indíquese o importe aboado:

.....

i) Sancións alternativas, incluídas as penas privativas de liberdade

1. Indicar se o Estado de emisión permite a aplicación polo Estado de execución de sancións alternativas no caso de que non sexa posible executar a resolución sancionadora, xa sexa total ou parcialmente:

si

non

2. En caso afirmativo, indíquense as sancións que é posible aplicar (a súa natureza e grao máximo):

Privación de liberdade. Tempo máximo:

Servizo comunitario (ou equivalente). Tempo máximo:

Outras sancións. Descrición:

.....

j) Outras circunstancias relacionadas co caso (información facultativa):

.....

.....

k) Xúntase ao certificado o texto da resolución de imposición de sanción pecuniaria.

Sinatura da autoridade que emita o certificado ou do seu representante que dean fe da exactitude do contido do certificado:

.....

.....

Apelido(s):

Función (cargo/grao):

Data:

Selo oficial (se o houber)